

Onstopus

Xornal: anárquico-independente de Ons / Saída: cando lle peta / Prezo: cunca albariño caseiro / Coordina: Tinóns

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Nº72/ Ano: 2023 / 2º xornal Mes de agosto / Estado de Festa na Illa

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



CHARLA


“MIRADAS DARREDOR”

Moi notable para coñecer a Illa de mediados dos anos 70 s. XX. Páx. 1



O MAR EN 360º

Unha moi interesante exposición no C. Visitantes de Ons en modo virtual. Aconsellable. Páx. 1



“OS GALOS”

Interesante revista de divulgación da cultura marítima. Aquí tratamos o nº 17, 2023. Páx. 2



FONTE DE CANIVELIÑAS

Acabará ese escombros no cantil da Fonte de Caniveliñas? Páx. 2

ESPECIAL “FESTA DE ONS” 2023

Un ano máis o trío formado por Manolito, Pepe de Miro e Suso Maquieira, foron quen de organizar unha magnífica Festa en Ons. Páxs. 3-5

ROMARÍA DA LANZADA

Dende toda a vida, os veciños unieneses eran e son devotos da Virxe da Lanzada, á que acudían cos súas dornas a última fin de semana de agosto.

Agora seguen facendo o mesmo, tanto por terra como por mar. Aquí un exemplo diso. Páx. 6



CICLO: MIRADAS DARREDOR

GONZALO VIANA E A XERACIÓN ONS

O pasado 9 de agosto tivo lugar en Bueu a primeira charla do Ciclo de “*Miradas Darredor*”, dedicada á memoria de Gonzalo Viana e á Xeración Ons da que formou parte.

Charlaron: Tito Garnelo, José Muñoz e Xaime Toxo.

A charla estivo moi interesante onde fixeron un percorrido pola vida de Gonzalo Viana, escultor, navegante e pintor que viviu no barrio de Canexol entre os anos 70 – 80 s. XX onde tiña o seu taller, dándose a anécdota de que o forno o tiña no pequeno cantil da mesma praia de Canexol.

Á vez, tanto Garnelo como Muñoz, fixeron unha andaina pola Ons deses anos, aos que Xaime Toxo bautizou como “Xeración Ons”, formada por persoas con certo nivel intelectual, estudantes da universidade de Santiago,..., que viron en Ons un lugar de repouso, estudo e liberdade.

A charla tróuxome moitos records daquela época na que vivín moi intensamente cos veciños e puiden coñecer a súa rica cultura popular.

Tivemos un amigo común entre os veciños, Francisco e familia, que vivía na que fóra antiga escola e reitoral en Canexol.

Francisco era o armador-patrón do <Cro> barco no que fixen a primeira singradura a Ons. Unha persoa moi sinxela, cunha grande cultura, persoa emblemática na Illa,..., e moi sociable, a súa casa estaba aberta sempre para os amigos.

Moitos records que un día contarei.

Foto de arriba: Un momento da charla en Bueu.

Foto de abaixo: Familia Francisco en Canexol. Ano 1976.



O MAR EN 360°

Esta é unha actividade que leva a cabo nas illas do Parque Nacional a Consellería de M. Ambiente. Xa estivo en Ons no mes de xullo e en agosto, coincidindo coas festas patronais, volveu a estar e tivemos a oportunidade de participar na actividade cun resultado sorprendente.

É unha exposición de fotografías submarinas e infografías que permiten “mergullarse” nas augas do Parque estando en terra de xeito virtual.

É unha experiencia moi interesante que supoño o interese crecerá en persoas que nunca tiveron a oportunidade de mergullarse nas augas de Ons. A visita aos fondos mariños é acompañada de xeito simultáneo dunha charla das persoas que levaron a cabo o proxecto, que contou cunha axuda do Parque Nacional a través dos Plan de Recuperación, transformación e resiliencia financiados pola Unións Europea.



REVISTA “OS GALOS” 2023

O 29 de xullo tivo lugar en Bueu a presentación da revista cultural “Os Galos”, revista de divulgación mariñeira que conta con importantes artigos e colaboradores.

Nela atoparemos interesantes reportaxes, entre os que podemos destacar o de Xaime Toxo dedicado ao argonauta Gonzalo Viana e varios poemas, o de Lino Pazos sobre o apoio de Bueu á construción do lazareto de Tambo, o de Arturo S. Cidrás sobre a insumisión de Bueu ao pagamento de rendas, o de Humberto Santiago sobre os conxeladores e rampleros,... e outros, tamén de importancia de Raúl Villa, Xerardo Desairas sobre bosques flotantes, ás ilustracións comentadas sobre Ons de Isidro Cortizo, e o humor de Dávila...

Destacar tamén o noso agradecemento por inserir un artigo meu sobre a Recuperación das Dornas en Ons, a publicación dunha entrevista que me fixeron na Voz de Galicia e por destacar na revista o 25 aniversario da Asociación Pineiróns e da revista cultural Aunios que celebrou este ano 2023.



CEA DE CONFRATERNIDADE ANTES DA FESTA

Unha historia que hai que contar, e é a boa harmonía que hai entre os aunienses e os visitantes. Algúns de hai máis de 40 anos de cita asidua anual a esta engaiolante Illa. Pois aquí os vemos, veciños e visitantes asiduos, case diría, aunienses de adopción, que comparten ideas, loitas e reivindicacións cos aunienses na súa loita diaria por conseguir aquilo que, por herdanza, lles pertence.

Aí os temos, compartindo mesa e mantel antes da celebración do primeiro día de Festa na Illa, onde o baile e a boa marcha deron unha excelente entrada ás Festas de Ons.



O FILLO DO NOSO AFILLADO

Que ben!!! Este ano, no restaurante O Pirata e seguindo a tradición familiar, comezou a traballar Rubén, o fillo do noso afillado de adopción. Temos que dicir que, como o seu pai, colleu o ritmo moi axiña e, en pouco tempo e aínda sendo un rapaz que comeza o seu primeiro traballo, colleu o compás marcado por Manolito, sen ningún tipo de problema. Agora estamos a rematar a tempada. Ogallá o sigamos mirando en veráns sucesivos.



A FONTE DE CANVELIÑAS

Hai uns días, líamos un artigo dunha asociación ecoloxista de Bueu sobre o tema da auga en Ons. Dende logo é un tema preocupante, pois en calquera momento pode xurdir algún atranco sobre o asunto; pero o importante non é só denunciar, senón buscar alternativas a ese problema, se é que existe.

Vou a encargarme de tocalo en sucesivos Onstopus, pero tamén hai que dicir que hai ideas boas, como a que intuimos ten que ver con esta foto, pero: Que din os ecoloxistas sobre os residuos. Acabarán no cantil? Hai que estar ás duras e ás maduras!!!

Especial "FESTAS ONS 2023"

FESTAS ILLA DE ONS 2023

Como nos últimos tres anos, o trío formado polos aunienses Manolito (o do restaurante Pirata), Pepe de Miro e o auniense de adopción Suso Maquieira, volveron a organizar as Festas en Ons, contando coa colaboración da Asociación veciñal, o concello de Bueu e Parques.

Tiñan planeado para este ano tres días, con música nocturna o venres e o sábado, e diferentes actos o domingo como día grande.

O venres, por mor das inclemencias meteorolóxicas, non houbo verbena, pero si o sábado coa actuación de Adrián Torres e logo o Dj Tino de Vigo, que resultou moi animada tanto para veciños como visitantes.

O domingo 20 e xa como día grande, amenceron co son das charangas "Os Imperiais" e "Os de Aldán", na que actúa ao saxo o Gran Mallo, fundador da internacional orquestra auniense "A Illa é Nosa".



Á esquerda "Os Imperiais" no típico pasarúas pola Illa. Á dereita "Os de Aldán" actuando nun dos restaurantes da Illa, mentres os clientes tamén gozaban da magnífica actuación da nosa Selección Feminina de Fútbol.



Ao mesmo tempo, o Gran Maqui acompañaba pola Illa aos mariachis, atrevéndose a poñer a súa magnífica voz de tenor ao servizo desta música mexicana.

Aquí os vemos actuando polas rúas aunienses e noutro dos restaurantes auniense.



ENTREGA DE DISTINCIÓNS (I)

Como vén sendo habitual nos últimos anos, a asociación veciñal xunto co concello de Bueu fai unha homenaxe a veciños e persoas que traballaron a prol da Illa.

Este ano quixeron entregar estes galardón ao filólogo bueués **José Manuel Dopazo Entenza** polos seus traballos e investigacións sobre a Fala de Ons que realizou dende a Universidade e que reflectiu na súa tese de doutoramento, en revistas e libros.

Cremos que o ten ben merecido e dende a Asociación PineirÓns queremos sumarnos a esta homenaxe e darlle as grazas polas súas interesantes colaboracións na revista AUNIOS da Illa de Ons.



ENTREGA DE DISTINCIÓNS (II)


O segundo homenaxeado foron os Traballadores de Parques na Illa.

Tamén o teñen ben merecido polo labor que fan a prol da conservación e bo estado do arquipélago, pola axuda continua que prestan aos veciños e pola súa dedicación estival aos turistas que visitan Ons.

A homenaxe foi conxunta para todos os traballadores: Gardas, guías, de vixilancia e mantemento, loxicamente na homenaxe estaban representando a todos os demais traballadores, os que nesa quenda estaban de garda.

A entrega de distincións foi levada pola Presidenta Veciñal e entregados por veciños en representación da comunidade auniense.





ASOCIACIÓN VECIÑAL. <ONS EN LOITA>.
 Aproveitando as Festas Patronais a asociación veciñal quixo deixar claro ante a administración e persoas interesadas, as súas xustas reivindicacións colocando na parede do Centro de Visitantes uns pasquíns onde informaban da situación actual da veciñanza e illa en xeral, e as súas reclamacións.



ROMARÍA DA LANZADA. 2023

OS VECIÑOS AUNIENSES E OS DE ADOPCIÓN, ACUDEN, COMO CADA ANO, Á ROMARÍA DA LANZADA



(1) O sábado anterior, día 26, comezan os fogos en honra á Virxe da Lanzada e á espera da chegada dos aunienses ao día seguinte.



(2) Os aunienses chegaron á Lanzada e reúnense a carón da capela e do lugar de facer as ofrendas. Ao fondo, á esquerda, a súa patria, a Illa de Ons.



(3) Primeira reunión gastronómica nunha das carpas da festa. Prato principal, Carne ao Caldeiro, aínda que tamén, houbo callos e polbo.



(4) Vamos collendo camiño de volta e atopamos a máis aunienses que se achegaron á Romaría. Aquí a familia de Camaño e María.



(5) Comezan as compras, e acoden ao rosquilleiro de cabeceira, o de todos os anos, para levar as lambonadas para a Illa.



(6) Pero non só lambonadas ían levarse, tamén bo embutido, cachuchas e ata abelorios para os máis pequenos.



(7) Como non podía ser doutro xeito estando xa en Portonovo, achegáronse ata a “Cova de Ons”, bar-restaurante do Auniense Juan, alí degustaron un excelente albariño e uns bos pinchos.

(8) E xa, en Portonovo, no Restaurante de Alex “O Pescador” sentáronse para o xantar. Tíñano ben merecido despois dun día tan movido.



(9) Despois da papadela no Pescador, un cafeciño e un chupito no bar Lonxa á espera da chegada do barco que os transportaría de novo a Ons.



(10) Xa no peirao de Portonovo, dispostos a marchar a Ons no barco de Nabia.